
Proxecto do club de lectura “A Esmorga”

IES A XUNQUEIRA I
(PONTEVEDRA)

CURSO 2022-23

PROXECTO DO CLUB DE LECTURA “A ESMORGA”, DO IES A XUNQUEIRA I (PONTEVEDRA).

PRESENTACIÓN DO CLUB

O Club de Lectura “A Esmorga” funciona sen interrupción desde o ano 2007, e cada curso retoma a súa actividade con azos renovados, buscando sempre lectoras e lectores dispostos a compartir unha experiencia que ano tras ano se revela enriquecedora para todas e todos. No curso pasado houbo grupos de todos os niveis da ESO e tamén de 1º BACH e 2º de BACH.

No funcionamento do club tentamos implicar a maior variedade posible de departamentos didácticos para compartir a experiencia co alumnado desde diferentes ópticas e para transmitirles tamén que o goce lector, o espírito crítico, o debate e a aprendizaxe son tarefa de todos e todas.

FINALIDADES. RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR DE CENTRO E A BIBLIOTECA ESCOLAR

As finalidades principais do club serán: fomentar hábitos de lectura entre as e os participantes, crear un bo ambiente para compartir a experiencia lectora, promover a lectura en galego para crearmos vínculos entre o lectorado e a lingua e literatura galegas, e incorporar novo alumnado pouco interesado pola lectura, e especificamente alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e pola súa condición de especial vulnerabilidade.

O tema das bibliotecas escolares este curso é “Escribir a biblioteca escolar”, que pretende poñer o foco en todas as formas de escrita que ofrece a biblioteca escolar. Así, por unha banda, dende o curso pasado incorporamos unha sección ao club adicada á lectura do manga e do cómic, que tivo moito éxito e que seguirá funcionando. E este curso faremos especial fincapé na lectura do xénero poético, ca idea de ir traendo escritoras que veñan artellar un diálogo sobre a súa escrita co alumnado do club. Algunhas destas lecturas serán tamén as que se utilicen dentro da “Hora de ler”, que estamos levando a cabo dende o curso pasado.

Por outra banda, este curso tamén imos participar no Salón do libro de Pontevedra, que ten como temática “O xogo”. Xa o curso pasado incorporamos os libros xogo dentro do noso club. Así no club matemático traballaron un libro de truco matemáticos e dous libros de Escena

Room. Este curso incorporaremos tamén lectura relacionada cos videoxogos. Este tipo de lectura implican entender formas de ler diferentes e supoñen unha especial motivación para alumnado, especialmente masculino, con pouco interese pola lectura. E o mesmo pasa co manga.

Por outra banda, tamén a biblioteca do noso centro escolle un tema eixo cada curso, que neste ano académico é: “O espazo exterior: mundos por descubrir”. Esta temática vai ser incorporada ao noso club a través de lectura de mangas sobre o espazo e tamén a través de lecturas que se fagan dentro da sección nova dentro do club adicada ao ecoloxismo.

Así pois, arrancamos o proxecto con esas tres temáticas xa dadas(escrita, espazo e xogo), e poñendo o foco especialmente en dous sectores: o alumnado masculino, habitualmente menos afeccionado á lectura, e o alumnado con problemas de adaptación e/ou aprendizaxe. Para atraer a atención destes dous grupos contamos cas temáticas xa mencionadas e o formato manga, que xa dende o curso pasado tivemos a oportunidade de comprobar que son unha grande fonte de motivación para este tipo de alumnado.

O Club de Lectura “A Esmorga” é, en efecto, unha das actividades principais do Proxecto Lector de Centro, pois contribúe a fomentar a lectura e a escritura dun xeito lúdico e a adquirir as competencias básicas. Así mesmo, é tamén unha das actividades principais que se fan dentro do Plan de Igualdade, pois temos inaugurada dende o curso pasado a sección feminista/ LGTBI, con gran éxito tamén entre o alumnado.

Obxectivos:

- Traballar en prol da inclusión e na defensa da diversidade.
- Desenvolver o pensamento crítico e a vontade de debater e compartir as propias opinións desde o respecto e a tolerancia cara aos que pensan diferente.
- Desenvolver habilidades de interacción ao crearmos novos grupos de conversa e relación, diferentes dos grupos-aula.
- Potenciar a participación do alumnado masculino e do alumnado con problemas de adaptación e aprendizaxe.

- Favorecer a percepción da lectura como unha actividade formativa, lúdica e interdisciplinar, pois permite que nos achegemos a ela e que a compartamos en múltiples formas e linguaxes.
- Fomentar a escrita individual e colaboradora para facer nosas esas lecturas e facelas medrar.
- Fomentar un uso responsable, creativo e formativo das redes sociais.
- Colaborar coa Biblioteca e co Equipo de Dinamización Lingüística.
- Facer partícipe ao resto da comunidade educativa das actividades e propostas que se estean levando a cabo no club.

ACTIVIDADES PROGRAMADAS

1. Elección das lecturas. A persoa coordinadora do club levará algunhas propostas á reunión co profesorado colaborador e explicará os puntos fortes de cada unha delas, pero a elección final dependerá tamén dos docentes participantes.
2. Difusión do proxecto na procura da implicación, directa ou indirecta, de toda a comunidade educativa.
3. Encontros dos membros de cada grupo do club de maneira semanal/quincenal para comentar as lecturas en curso.
4. Actividades complementarias:

-Lecturas públicas en distintos espazos(por exemplo, divulgación da poesía nas pantallas dos corredores do centro, na biblioteca do centro, etc)

- Participación activa no Salón do Libro de Pontevedra, adicado este curso ao xogo e tamén á escritura, pois no último trimestre o escritor invitado polo Salón, dará un curso de escritura onde participará tamén alumnado do noso centro.

-Interaccións entre o alumnado participante e alumnado doutros centros (o curso pasado fixemos un acto de irmandamento co club de lectura do IES de Poio, cunha serie de actividades conxuntas. E este curso xa temos programadas mais actividades

unha actividade dentro da sección feminista/LGTBI).

-Participación en actividades para conmemorar datas como o 25 de novembro (Día contra a Violencia de Xénero), o 21 de febreiro (Día da Lingua Materna), o 21 de marzo (Día da Poesía), o 27 de marzo (Día do Teatro), o 23 de abril (Día do Libro), o 17 de maio (Día das Letras Galegas).

-Creación literaria inspirada nas lecturas: recensións, sínteses, recomendacións e publicacións no blog, que esperamos retomar este curso.

-Lecturas teatralizadas.

-Encontros con autores/as. Estes encontros pensamos que son dunha gran importancia como fonte de motivación para o alumando.

-Participación en roteiros literarios.

- Saída do alumnado a librarías para a compra de exemplares de manga.

COMPOSICIÓN E NÚMERO DE PARTICIPANTES

Lingua Galega e Literatura: Fernando Pazos García e Miguel Silva Conde.

Lingua Castelá e Literatura: Carla Blanco Ballón e Javier Valiente Núñez.

Latín: Carlos Galego Guitián.

Xeografía e Historia: Manuel Reboledo Tajés.

Matemáticas: Sonia María Freire Randino e Francisco Bonanad Calviño.

Bioloxía: Maximino Piñeiro Vidal.

Física e química: Brais Santamaría Álvarez.

O club de lectura queda organizado por temáticas dende o curso pasado. Esta nova forma de participación levounos a principios do curso pasado a ter uns 80 alumnos e alumnas no club de lectura, aínda que rematarían uns 60 o curso completo.

. Club Manga, con dúas seccións: A primeira, levada pola profesora Carlos Galego, na que participa alumnado dos primeiros cursos da ESO. A segunda sección manga a leva o profesor Joaquín Morales, en nela participa alumnado de 4º de ESO e Bach. En cada unha das seccións contamos con 15 alumnos e alumnas.

. Club Xéneros literarios. Está formado por alumnado da ESO, que se reúne co profesor Manuel Reboredo, coordinador de Dinamización Lingüística. Conta con 10 alumnos e alumnas.

. Club Matemático. Formado por alumnado da ESO e é levado pola profesora Sonia Freire e o profesor Francisco Bonanad. Entre 6 e 8 alumnos e alumnas.

. Club Feminista-LGTBI. Formado por dúas seccións. A primeira formada por alumnado da ESO, e a segunda formada por alumnado de Bacharelato. Estas seccións son levadas pola profesora e coordinadora do club Carla Blanco. En cada unha das seccións hai uns 15 alumnos e alumnas.

Este curso ademais incorporamos unha nova sección:

. Club ecoloxista. Formado por alumnado de ESO e Bacharelato. Este será levado polo profesor Brais Santamaría e Maximino Piñeiro. O Club conta con 8 alumnas e alumnos.

A periodicidade das xuntanzas vai variando en función das lecturas, normalmente son semanalmente, pero tamén poden ser quincenais.

Nos vindeiros trimestres variarán as lecturas e tamén o profesorado participante irá alternado, dado que este curso contamos con moito profesorado participante.

O club organizará encontros con escritoras, de feito no primeiro trimestre xa está programado un primeiro encontro con Carmen Quintero, autora dunha das obras que se van ler no club feminista.

Outras actividades xa programadas son: unha festa en xaneiro con club de lectura de Poio, co que estamos irmandados dende o curso pasado e faremos unha serie de actividades conxuntas. Tamén a participación na semana Manga co IES Xunqueira II, e outra actividade conxunta con IES Sánchez Canton o 25 de Novembro dentro do club feminista.

actividade do blog, e contaremos coa participación de alumnado do club na súa elaboración. Consideramos que pode ser un espazo interesante para que o alumnado lector faga ás súas colaboracións e críticas sobre as lecturas feitas no club e as actividades desenvoltas.

Por outra banda, tamén temos en mente facer un roteiro literario. Sería a primeira vez dentro do noso club. Despois das suxestións que nos fixo o profesorado que leva a coordinación dos clubs de lectura doutros centros (IES Sánchez Cantón e Xunqueira II, en concreto) pensamos que pode ser experiencia moi motivadora para os nosos alumnos e alumnas, máis tendo en conta que nas nosas aulas contamos con moito alumnado vulnerable por diversos motivos, especialmente etnia, cultura, lugar de procedencia, nivel socioeconómico e xénero.

Finalmente, cómpre sinalar que todo o alumnado que pertence ao club de lectura é dado de alta a través da secretaría do centro.

O equipo encargado do seguimento e desenvolvemento do club de lectura é o seguinte:

- Carla Blanco Ballón será a coordinadora das actividades desenvoltas polo club.
- Enrique Rey Rodríguez, como director, coordinará a avaliación do plan proposto nos distintos órganos (CCP, Claustro, Comisión de Biblioteca e Consello Escolar).
- José Manuel Ramos González, como secretario do centro, coordinará a xestión económica do presente plan.
- José Carlos Novo Comba, como xefe de estudos, coordinará o seguimento e consecución do obxectivo de poñer en práctica o plan de lectura.
- María Jesús Abilleira Rodríguez, como vicedirectora, coordinará aqueles aspectos relacionados coas actividades que non se realicen no centro de ensino (de ser posibles).
- Manuel Reboredo, como responsable de Dinamización Lingüística, axudará a difundir as actividades relativas ao Club de Lectura na revista escolar *Xuncos* e nas reunións do equipo de Dinamización.

Todo o profesorado participante colaborará na coordinación de lecturas co alumnado e na realización de actividades relacionadas.

COORDINADORA

A persoa coordinadora será Carla Blanco Ballón, do Departamento de Lingua castelá e literatura.

FORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO PREVISTAS

O profesorado implicado coordinará as lecturas, suxerirá actividades e fomentará a participación do alumnado de forma oral e escrita. As reunións celebraranse nos lugares que acorde cada profesor co seu grupo do club.

As reunións cos autores serán levadas a cabo na biblioteca do centro.

O equipo coordinador será o encargado de conseguir os exemplares dos libros necesarios, de elaborar material de apoio para a comprensión das lecturas, e de publicar as actividades programadas, así como de avaliar o resultado destas para mellorar o funcionamento do club.

Por outra banda, de haber dificultades para conseguir ou acceder aos libros estes poderían ser substituídos por outras lecturas mentres durase esa situación, a fin de manter a comunidade lectora e de intercambio xa establecida por riba da escolla bibliográfica prevista.

HORARIO E CALENDARIO PREVISTOS PARA AS REUNIÓN DE CARÁCTER PRESENCIAL

As reunións, para o comentario das obras propostas, terán unha periodicidade semanal ou quincenal, en función da dispoñibilidade dos participantes, e realizaranse nos recreos (de 11:30 a 12 h.) e/ou os luns, de 16 a 16:30 h.

Na segunda quincena de novembro procederase ao reparto dos grupos de lectura por temáticas e á adxudicación das aulas ou espazos para as reunións. De seguido, o profesorado presentarlles as lecturas aos seus grupos e comezarán as actividades do club.

As actividades durarán todo o curso e procurárase ler en cada grupo unha obra por trimestre.

MEDIOS PREVISTOS PARA A SÚA DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR

- O profesorado do centro, especialmente os titores e titoras e o profesorado colaborador, que animará o alumnado a participar.
- A través das pantallas instaladas nos corredores, onde se farán todo tipo de anuncios.
- O blog do “club de lectura” na páxina web do centro.
- O taboleiro de novidades da biblioteca para informar dos libros que se van ler, os corredores, as portas das aulas...
- A exposición de creacións do alumnado do club de lectura.
- A participación dos membros do club na revista do centro: Xuncos.

ANEXO I

CALENDARIO PREVISTO PARA AS REUNIÓN.S.

	CLUB DE LECTURA	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS
1º TRI	<p>Novembro.</p> <p><u>1ª Quincena:</u> ábrese a convocatoria de participación para profesorado colaborador e para alumnado.</p> <p><u>2ª Quincena:</u> compra de libros e inicio das reunión.s.</p>	<p>Difusión do proxecto desde as titorías.</p> <p>Difusión no blog e nos taboleiros.</p> <p>Presentación dos grupos de lectura e achegamento inicial aos libros.</p> <p>Commemoración do 25 de novembro (acto conxunto co IES Sánchez Cantón).</p>
	<p>Decembro.</p> <p>Reunión do equipo e avaliación da posta en funcionamento do club.</p>	

	Reunións para comentar as lecturas.	
	Xaneiro Reunión do equipo e da coordinadora. Posta en marcha do 2º trimestre. Reunións para comentar as lecturas.	
2º TRI	Febreiro Reunións para comentar as lecturas.	Conmemoración do 21 de febreiro (Día da Lingua Materna). Lecturas de textos literarios no centro.
	Marzo Reunións para comentar as lecturas. Posta en marcha do 3º trimestre.	21 de marzo, Día da Poesía. <i>Uns versos para...</i> Actividade de difusión masiva de poesía no centro e/ou nas redes sociais. 27 de marzo, Día do Teatro. Lectura de fragmentos de pezas teatrais ou lecturas teatralizadas (ao aire libre)
	Abril Reunións para comentar as lecturas.	23 de abril. Día do Libro. Recomendacións lectoras (a modo de amigo invisible).
	Maio Reunións para comentar as lecturas.	17 de maio. Día das Letras Galegas (autor ou autora por determinar). Actividades por determinar relacionadas coa figura homenaxeada.
3º TRI	Xuño 1ª Quincena: reunión do equipo. Avaliación do funcionamento do club. Reunións para comentar as lecturas e pechar o club. Avaliación do club polo alumnado participante. [Elaboración da memoria]	Exposición de proxectos e creacións resultantes da participación no club (biblioteca física e instagram da biblioteca)

ANEXO II

PROPOSTA (ABERTA) DE LECTURAS PARA O PRESENTE CURSO

A continuación, faise unha relación de obras propostas para a súa lectura no club, que estarán suxeitas á valoración e aprobación do profesorado colaborador. Faise unha proposta por

temáticas.

MANGA:

Baixo o pantano, de Ángela Curro.

Saint Seiya, Los caballeros del zodíaco, de Masami Kurumada.

Death note, en Norma Editorial.

Monster, de Kaoki Urasawa.

Parasyte, de Hitoshi Iwaaki.

Fullmetal alchemist.

Tokyo Ghoul, de Sui Ishida.

Tam, de Anémona de Río.

Tam II de Anémona de Río

(Este curso imos facer unha saída co alumnado do club manga para mercar cómics e manga que non teñamos xa no centro dentro das súas preferencias e asesorados ao mesmo tempo polos libeiros).

BANDA DESEÑADA/ LIBROS XOGO.

Game over, de Santiago Lopo.

A lebre mecánica, de Leticia Costas.

Madialeva, de Ana Moreiras.

El torreón de los enigmas, VVAA, Editorial Alfaguara.

Atrapado en Arkham, Escape Game, Editorial Larousse.

FEMINISTA/ LGTBI

Complacer, nunca. Con placer, siempre, de Carmen Quintero.

Corredora, de María Reimóndez.

Fóra do normal, de María Reimóndez.

Velloucas e minchas, de Lorena Conde.

El encaje roto. Antología de cuentos de violencia contra las mujeres, de Emilia Pardo Bazán.

Os rapaces non calcetan (en público), T.S. Easton.

Makinaria, de Carlos Negro e *Penúltimas tendencias*, de Carlos Negro. Poesía que permite falar dos roles de xénero: motores de coches, velocidade, alcohol, mundos tradicionalmente masculinos vs. A maquillaxe, o estilo, os cánones de beleza, temas tradicionalmente femininos.

Circe ou o pracer do azul, Begoña Caamaño.

MATEMÁTICO.

La fórmula preferida del profesor. Editorial Funambulista.

Apín, capón, zapún amanicano 1134, en Editorial Octaedro.

¿Odias las matemáticas? De Alejandra Vallejo-Nájera.

Historia de las matemáticas en cómic, en editorial Proyecto Sur.

Laberinto, de Carlo Frabetti, en editorial SM.

Malditas matemáticas: Alicia en el país de los números. Editorial Alfaguara.

¡Cuánta geometría hay en tu vida! En editorial SM.

El crimen de la Hipotenusa. Editorial Planeta SA

Planilandia. Una novela de muchas dimensiones. De Edwin Abbott Abbott.

XENÉRICO.

Galiza mutante, poder nuclear, de Tomás González, literatura fantástica.

Invisible, de Eloy Moreno.

Atranco no banco, de Núñez Singala. Teatro e humor.

Noitebra, de Euloxio Ruibal, *Dique de abrigo*, de Isaac Ferreira, *iAi, que sería de nós sen os obreiros!*, de Gustavo Pernas (pezas teatrais breves).

Tu vida en 65', de Albert Espinosa (teatro)

Kafka e a boneca viaxeira, de Jordi Sierra i Fabra.

Street Poems, de Fran Alonso. A poesía e o graffiti.

Las lágrimas de Shiva, de César Mallorquí.

Mi hermana vive sobre la repisa de la chimenea, de Annabel Pitcher.

Aplicación instantánea, de Carlos Negro. Poesía, redes sociais, perfís, a definición da propia personalidade.

48 horas, de Carlos Paniagua. Redes sociais, novos xeitos de comunicación.

A cabeza da Medusa, de Marilar Aleixandre.

Os corpos invisibles, de Emma Pedreira.

O derradeiro libro de Emma Olsen, de Berta Dávila e Fuco Prado.

La tuneladora, de Fernando Lalana.

ECOLOXISMO.

Be Water, de Antía Yáñez.

Mares de plástico, de Ana Alonso.

H2...OH!!! Pingas científicas. De María Canosa Blanco.

Nota: Enténdese que os libros seleccionados poderán variar a criterio do alumnado e do profesorado colaborador e sempre en beneficio do mellor funcionamento da actividade.